

FORO

A sección onde
deixares [as túas
opinións](#),
comentarios ou
suxestións e
debater con outros
internautas.

A MAN

A [información
precisa](#) para ter á
vista: farmacias de
garda, teléfonos e
enderezos de
interese, etc

AS WEBS DE AQUÍ

Consulta no
[directorio de
Vieiros](#) as páxinas
que falan sobre O
Barbanza.

NOVO NÚMERO DA VOZ DE BARBANTIA

Barbantia presenta en Boiro poemario e novo suplemento cultural

[27/05/2005 10:36] É o momento de Boiro dentro da rolda de presentacións que a **asociación cultural Barbantia** está a desenvolver por toda a bisbarra. A Casa de Cultura acollerá este serán, ás 20.30 h. a presentación do suplemento cultural *A Voz de Barbantia* e dun poemario do presidente do colectivo, Antón Riveiro Coello, titulado *Limaiaé*. A seguir unha actuación musical a cargo do propio autor coa colaboración do director da Banda de Música Xosé L. Miranda e a voz de Sonia Lebedinsky. Un recitado de poemas acompañado de suxerentes imaxes poñerá o broche de ouro a esta presentación.

O quinto número do excelente suplemento cultural incluído no xornal [La Voz de Galicia](#) analiza nun artigo de Antón Gallardo a figura de Guillermo Torrado, alcalde de Boiro en tempos da Ditadura de Primo de Rivera, un exemplo de integridade e coherencia política deste natural de Abanqueiro, que conseguiu enganchar a vila ao progreso. Tamén Xoán Pastor lembra a Ramón Martínez López, persooiro que deu nome á Casa de Cultura e que estivo presente nas institucións fundamentais da cultura galega, o Seminario de Estudos Galegos e a Real Academia Galega.

Noutra colaboración Fernando Lavandeira analiza o contido da revista [Leñaverde](#) deste 2005, presentado hai escasas semanas e convertido nun referente para a expresión artística da mocidade. Lavandeira salienta a vivacidade gráfica e a cor presente no volume, ademáis da cualidade dos textos de Toni Puig, Xan Bouzada ou do arquitecto rianxeiro Amancio Losada.

Non falta un apartado dedicado á expresión literaria como son esas *Tribulacións do bebé cabreado co cabalo*, de Rosa Enríquez ou a análise da fotografía *Era festa en Bealo* de Xan Bautista M. Lemiña.

OUTRAS NOTICIAS

- ❑ [Barbantia organiza en Ribeira unha mesa redonda sobre a tradución en Galiza](#)
- ❑ [O Hospital do Barbanza na cola da atención e investimento por habitante](#)
- ❑ [A Policía Local da bisbarra sumarase á manifestación en Compostela](#)
- ❑ [Presentación en Rianxo d'Os Hemisferios de María do Cebreiro](#)
- ❑ [As Confrarías de Arousa mobilízanse en Vilaxoán](#)
- ❑ [Convocada unha concentración en Ribeira en lembranza dun motorista finado recentemente](#)
- ❑ [Concello de Muros, suspenso en atención ao cidadán](#)
- ❑ [Deira optará a renovar o mandato como Alcalde de Boiro](#)
- ❑ [Chamamento á iniciativa privada do Barbanza a mollarse co Consorcio de Turismo](#)
- ❑ [Intenso xaneiro no recién nado Ateneo Valle Inclán de Ribeira](#)